



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa de Madrid, 2-4, 2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 546 579 - 981 546 221
Fax: 981 546 569 - 881 997 599
administracionlocal@xunta.gal

galicia

CIRCULAR SOBRE OS NOMEAMENTOS ACCIDENTAIS

En data 29 xaneiro do 2014 dítase por parte desta Dirección Xeal, circular sobre nomeamento de accidentais para prazas de habilitados nacionais, recolléndose na mesma o que se debe entender por “*funcionario suficientemente capacitado*” aos efectos do art 45 do D 49/2009 do 26 de febreiro e 33 do RD 1732/1994 de 29 de xullo: será aquel que “*reuna os requisitos de titulación esixidos*”. É dicir, para que o funcionario/a do concello proposto por este último estea suficientemente capacitado, debería estar en posesión da titulación esixida para o acceso a subescala e categoría a que pertence o posto a desempeñar (con carácter xeral, Licenciado en Dereito, Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración, Licenciado en Socioloxía, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Licenciado en Economía, Licenciado en Ciencias Actuariais e Financeiras ou o título de Grao correspondente).

Na mesma circular precisase que para o caso de non reunir o requisito da titulación, o nomeamento podería recaer nun “*funcionario da entidade local debidamente capacitado e sempre para a realización de actos de mero trámite. Non poderá en ningún caso realizar asesoramento legal preceptivo, nin asistir ás sesións dos órganos colexiados*”.

Á vista da problemática xurdida, en data 24 de abril do 2014 dítase nota aclaratoria onde si di expresamente “*...acorda flexibilizar o requisito da titulación, e aplicará a condición de capacitación suficiente prevista na normativa estatal. Non obstante, si resultará preciso que o funcionario proposto pola entidade conte co informe favorable do funcionario con habilitación de carácter nacional titular do posto...*

A práctica do día a día, o paso do tempo, unido:

- ao feito de que existen numerosos concellos que non contan con persoal coa titulación esixida, nos cales sería imposible, ante a vacante do posto e a imposibilidade de acudir a outras formas de provisión non definitivas, o nomeamento de accidental que vaia máis aló de realizar actos de trámite coa prohibición de asistir as sesións de órganos colexiados ou emisión de informes;
- que cada vez máis concellos teñen vacante o posto de habilitado nacional, polo que é imposible cumplir o requisito de obter a firma do titular do posto cando non existe, e polo tanto, o nomeamento de accidental que vaia máis aló de realizar actos de trámite coa prohibición de asistir as sesións de órganos colexiados ou emisión de informes.
- que tanto o RD 1732/1994 coma o D 49/2009 non limitan as posibilidades de actuación dos accidentais, e sí recollen este tipo de nomeamento como subsidiario e con carácter residual (non hai que olvidar que o mesmo procede naqueles supostos en que non sexa posible a provisión do posto vacante e tampouco a provisión por nomeamento provisional/comisión servizos/acumulación (art 33.1 RD 1732/1994 e 45.1 D 49/2009)).

Tendo en conta que a evolución normativa neste punto ven marcada polo feito de que ao referirse aos nomeamentos accidentais o art 42 do RD 1174/1987 no seu día só esixía que o funcionario proposto para o nomeamento accidental estivera “*suficientemente capacitado*”; que



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa de Madrid, 2-4, 2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 546 579 - 981 546 221
Fax: 981 546 569 - 881 997 599
administracionlocal@xunta.gal

galicia

o posterior RD 731/1993 de 14 maio sustituiu esta expresión pola de “...*uno de sus funcionarios que esté en posesión de la titulación exigida para el acceso a la Subescala y categoría a que el puesto pertenece*”; e que na actualidade o RD 1732/1994 voltou á expresión orixinaria “*suficientemente capacitado*”. A maior abastanza, a xurisprudencia recoñece que o requisito da titulación se ben é un índice da capacitación técnica e da posesión dos coñecementos especializados para o desempeño de determinados postos de traballo non é exclusivo de “*suficientemente capacitado*”.

Considérase máis axeitado dende un punto de vista xurídico-práctico e de eficacia (que debe presidir a actuación administrativa (art 103 CE)) aplicar directamente a normativa nos seus termos e que o nomeamento recaiga nun funcionario “suficientemente capacitado”, o cal deberá ser examinado no caso concreto, de tal xeito que cada concello, na súa petición a esta Dirección Xeral, indique os criterios en base aos cales considera co funcionario proposto está suficientemente capacitado (en base aos méritos do funcionario/a, xa sexan: a titulación, experiencia, cursos realizados, conformidade do habilitado titular do posto cando estea cuberto...).

En consoñanza co anterior:

Deixase sen efecto a circular de data 24/01/2014 e a nota aclaratoria de 29/04/2014 sobre nomeamento de accidentais para prazas de habilitados nacionais, de tal xeito que tales nomeamentos, por parte desta Dirección Xeral seguirá os criterios marcados polo art 45 do D 49/2009 e 33 do RD 1732/1994, debendo os concellos indicar na súa petición a esta Dirección Xeral de nomeamento de accidentais, os criterios en base aos cales consideran que o/a funcionario/a proposto está “suficientemente capacitado” (en base aos méritos do funcionario/a, xa sexan: a titulación, experiencia, cursos realizados, conformidade do habilitado titular do posto cando estea cuberto...).

Santiago de Compostela a 22 de marzo do 2017.

AUDITORE XERAL DE ADMINISTRAÇÃO
DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRAÇÃO LOCAL
TÍPO: HABILITADO
Mariana Fernández-Tapias Nuñez